



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2010.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

Non asisten e se excusan:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 30 de setembro de 2010, sendo as nove horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 3 DE XULLO DE 2010 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 2 DE AGOSTO DE 2010.

Abre a sesión o Sr. Alcalde, agradecendo o acordo de todos os concelleiros para adiantar a sesión ordinaria dous días e evitar así ter que facer dous plenos case seguidos. Pregunta de seguido se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos membros presentes.

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcripción ó Libro de Actas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. CONTA XERAL 2009. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

En cumprimento do artigo 201 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o cal establece que a suxeición o réxime de contabilidade pública leva consigo a obrigaón de render contas das respectivas operacións, calquera que sexa a natureza, ó Tribunal de Contas.

Sometida a Conta Xeral, tal e como esixe o artigo 212 do RDL 2/2004, á Comisión Especial de Contas o día tres de xullo de 2010, e informada favorablemente pola mesma, someteuse a información pública (BOP nº 130, de 12 de xullo) xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por un período de 15 días, e oito máis a efectos de reclamacións, non habendo ningunha reclamación, reparo ou observación o respecto.

Sendo necesario someter a Conta Xeral, unha vez cumpridos os trámites enumerados no parágrafo anterior, ó Pleno da Corporación, para a súa aprobación,

Propoño ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral desta Entidade correspondente o exercicio económico do 2009.

Segundo.- Render a Conta Xeral da Corporación o Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

En Mesía, a 27 de setembro de 2010. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que a Conta Xeral xa se ditaminou favorablemente na Comisión de Contas, e logo da exposición pública procede agora aprobala polo Pleno. Paso a palabra ós portavoces dos grupos para que manifesten o que estimen oportuno.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS INVESTIMENTOS A INCLUIR NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ANUALIDADE 2011.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008 - 2011, da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

<i>Denominación do investimento</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto</i>
<i>AMPLIACIÓN E SANEAMENTO EN XANCEDA-CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS EN LEBORÍS-OLAS</i>	<i>112.639,20 €</i>	<i>5.928,38 €</i>	<i>118.567,58 €</i>

2º) Aprobar o correspondente proxecto técnico.

3º) Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súa obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

7º) Facultar ó Sr. Alcalde - Presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

Mesía, a 27 de setembro de 2010. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que con este proxecto preténdese completar o saneamento en Xanceda e facer unhas canalizacións en Olas, xa que este ano pasado houbo bastantes molestias debido ós temporais, os viais son demasiado estreitos e con este proxecto vaise procurar facer unha boa rede de rexistros e sumidoiros para evitar problemas no futuro. Paso a palabra ós portavoces dos grupos.

Manifestando a súa conformidade o Sr. Pedreira e o Sr. Álvarez, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.



4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PROPOÑENDO A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA COMO ZONA LIBRE DE TRANSXÉNICOS

O Secretario fai lectura da moción, que literalmente di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PROPOÑENDO A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA COMO ZONA LIBRE DE TRANSXÉNICOS A realización de ensaios de investigación con millo transxénico orixina desde hai xa varios anos unha profunda preocupación e un notorio rexeitamento social, derivado sobre todo das incertezas ao respecto dos efectos destes cultivos sobre a agricultura tradicional e a ecolóxica, sobre o medio ambiente e mesmo sobre a saúde humana.

A día de hoxe, a ciencia non puido demostrar a inexistencia de prexuízos por mor da liberación no medio de organismos modificados xeneticamente (OMX). No que respecta á agricultura, a utilización de variedades transxénicas pode ter consecuencias irreversibles sobre as variedades tradicionais polo efecto da contaminación polínica. Esta polución xenética podería chegar a afectar a todo o ecosistema.

Dada a importancia superlativa do sector primario no Concello de Mesía, este goberno municipal considera que a agricultura tradicional é unha actividade a preservar, defender e potenciar. E xunto con ela, a crecente práctica da agricultura ecolóxica, vinculada tamén ás variedades autóctonas e cuns requirimentos de calidade que a fan incompatible cos cultivos transxénicos.

Os cultivos tradicionais e os ecolóxicos teñen por tanto un innegable interese social, de cara a garantir unha alimentación de calidade. A súa perda sería irreparable para a Humanidade. Por contra, na utilización de transxénicos só se observan os alarmantes intereses de varias empresas multinacionais por mercantilizar completamente a agricultura desde a súa base, a das sementes, impoñéndolles aos labregos as variedades a colleitar, patentadas por elas, e unha serie de produtos fitosanitarios creados ad hoc para elas.

As supostas vantaxes de resistencia a pragas e maior produción, pregoadas desde os poderosos departamentos de promoción e mercadotecnia destas compañías, non compensan nin sequera minimamente a alteración e perda das múltiples variedades desenvoltas ao longo de séculos polos agricultores en procesos naturais e a consecuente perda da capacidade de decisión social sobre os sistemas produtivos.

No que respecta ao medio ambiente, a proliferación de organismos xeneticamente modificados pode ter tamén consecuencias imprevisibles que atentan contra a biodiversidade. É o caso das plantas ‘deseñadas’ para resistir determinados tipos de insectos, que poden estender os seus xenos a outras variedades da súa especie nunha espiral pouco ou nada controlable que pon en xaque o equilibrio natural.

Non menos preocupante é a introdución dos transxénicos na alimentación humana. Unha realidade moito máis estendida do que xeralmente se cre e da que hai unha información escasa, case sempre interesada e parcial, a pesar de que desde o eido científico se ten advertido da posible



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

aparición de novas alerxias, da creación indesexada de novas resistencias a antibióticos e, en definitiva, dun grave prexuízo á seguridade alimentaria.

Aínda que deramos por non confirmadas estas consecuencias negativas, o sentido común recomenda aplicar o principio de precaución porque, como se dixo, serían imprevisibles e en todo caso irreversibles. De aí que nos últimos anos diversos países da Unión Europea optasen por establecer moratorias e limitacións, ante a falta dunha posición común clara e cunha normativa insuficiente para garantir a ausencia total de riscos.

No caso de España, o cultivo de especies con OMX segue permitido, supeditado a unha serie de autorizacións, controis e protocolos. De feito, no noso termo municipal realizáronse nos últimos anos experimentos de cultivos con millo transxénico, aínda que neste concello non consta ao respecto ningunha comunicación oficial, por outra parte non preceptiva.

Porén, froito das indesexadas consecuencias deste tipo de cultivos, da imposibilidade de controlalos e do consecuente rexeitamento social, faise evidente a necesidade da intervención das administracións, neste caso a local.

Por estes motivos, sométese á aprobación do pleno os seguintes ACORDOS:

1.- Declarar o territorio do Concello de Mesía libre de transxénicos e solicitarlles á Consellería de Medio Rural e ao Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino que teñan en conta esta declaración na súa toma de decisións.

2.- Facer pública a oposición do Concello de Mesía ao cultivo ao aire libre, sexa con fins experimentais ou comerciais, de millo transxénico e doutras plantas xeneticamente modificadas, así como aos alimentos transxénicos.

3.- Realizar as xestións necesarias para garantir que nos establecementos que dependen do Concello de Mesía non se expendan ou sirvan comidas e bebidas que conteñan entre os seus ingredientes OMX e os seus derivados.

4.- Facilitar información e promover o debate público sobre os efectos do cultivo de transxénicos na saúde e na biodiversidade, dentro das posibilidades e recursos de que dispón o Concello de Mesía.

5.- Solicitalle expresamente aos demais concellos da comarca a adhesión ao rexeitamento frontal aos transxénicos, desexable para todos os municipios galegos.

6.- Instar á Consellería de Medio Rural e ao Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino a que efectúen as xestións que estean nas súas mans para que, respectivamente, os territorios de Galicia e de toda España sexan declarados libres de transxénicos.

7.- Instar á Consellería de Medio Rural, ao Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino e á Comisión Europea a que nas súas normativas favorezan os cultivos convencionais, tradicionais e ecolóxicos, en detrimento dos experimentos e cultivos con OMX.

*Mesía, 27 de setembro de 2010.
Asdo. Mariano Iglesias Castro”*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que este é un tema que xera gran preocupación social. Como todos vostedes saben, xa que saltou este ano á prensa, houbo no noso concello un cultivo deste tipo feito pola empresa Pioneer. Eu falei coa propietaria da parcela, na aldea de Castiñeiras, parroquia de Albixoi, e díxome que non se farían máis cultivos deste tipo na súa propiedade. Así mesmo, cómpre sinalar que a normativa europea esixe autorización do Ministerio. En todo caso, hai moitas posturas en relación con este tema e xa houbo unha proposta do BNG na Cámara Autonómica, que foi rexeitada polo PSOE e polo PP; nembargantes, algúns concellos están aprobando nos seus plenos a moción que hoxe se trae aquí. Coido que, independentemente da súa maior ou menor repercusión, e tendo en conta, ademais, a agricultura ecolóxica que se está levando a cabo no noso concello, é bo aprobar esta moción. Paso a palabra ós portavoces dos grupos.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta a súa conformidade coa moción.

Toma de seguido a palabra o Sr. Álvarez quen manifesta que o noso grupo está tamén a favor da moción, a pesares de que recoñecemos que é un tema que descoñecemos na súa profundidade, pero si cabe algunha dúbida de que poida ser dañino, cantos menos experimentos, mellor.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que comparte o antedito e somete a moción a votación, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PROPOÑENDO A REALIZACIÓN DO PROXECTO RELATIVO ÁS OBRAS NO PK 685 DA N-634.

O Secretario fai lectura da moción, que literalmente di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE PROPOÑENDO A REALIZACIÓN DO PROXECTO RELATIVO ÁS OBRAS NO PK 685 DA N-634.

Con data 21.12.2009 recibíuse no Rexistro de Entrada do Concello de Mesía o informe do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Conservación e Explotación da Coruña e a conformidade da correspondente xefatura, en relación co escrito presentado polo concello no que se recollían as diversas incidencias existentes na estrada N-634 e, en concreto, no PK 685.

No dito informe maniféstase que se obtivo orden de estudo de clave 33-LC-7300 con importe de 2.362.780,80 € no que se deseñaron as seguintes obras:

- *Rectificación do trazado*
- *Construción de enlace con paso superior*
- *Reposición de accesos e camiños de servizos.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Dada a transcendencia destas obras pola característica do punto, considerado tramo de concentración de accidentes, e dado que este acceso é moi utilizado pola veciñanza para acceder á parroquia de Boado, pertencente á este municipio, pois é o seu principal e máis importante enlace de comunicación.

O grupo municipal PSdeG-PSOE propón ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Instar ao Ministerio de Fomento, para que proceda, coa maior brevidade posible, á redacción do proxecto que contemple todas as obras reseñadas no dito estudo, co fin de mellorar a accesibilidade dos veciños á súa parroquia e evitar que se sigan producindo máis accidentes.

Segundo.- Dar traslado do dito acordo ao Ministerio de Fomento e á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Mesía, 27 de setembro de 2010. Asdo.:Mariano Iglesias Castro”

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen sinala que xa dimos conta á Demarcación de Estradas do Estado na Coruña das deficiencias da estrada nacional ó seu paso polo noso concello. Algunhas peticións se atenderon, pero outras non, e unha das que non se atenderon e a que aquí se trae hoxe, e que consideramos moi relevante pola concentración de accidentes e polos inconvenientes que xera ós vehículos na saída de Boado. A última vez que falei co Enxeñeiro Xefe díxome que estaba pendente a adxudicación da redacción do proxecto, e que cando este estivera feito, se executaría. Pero tamén me dixo que continuáramos insistindo e facendo forza, polo que se trae hoxe aquí esta moción. Paso a palabra ós portavoces dos grupos.

Tanto o Sr. Pedreira como o Sr. Álvarez manifestan a súa conformidade, e, non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a moción a votación, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6.- MOCIÓN.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA (245/2010 a 399/2010).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non manifestando nada máis ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

8. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 17 DE XUÑO DE 2010 ATA O 26 DE AGOSTO DE 2010

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, se queren plantexar algunha cuestión.

Pide a palabra o Sr. Pedreira, quen pregunta polo expediente de recuperación de dominio público na Tieira e pola licenza rexeitada da gasoleira.

Resposta o Sr. Alcalde que a recuperación de dominio público ven motivada pola denuncia dun veciño da zona sobre apropiación indebida por outro veciño dun treito de dominio público que é un vial de terra que da servizo a varias fincas e que vai paralelo á estrada asfaltada, e, logo que se comprobou que o vial aparecía nos planos como dominio público, procedeuse como legalmente corresponde.

En canto á gasoleira, unha empresa solicitou licenza e estase coa tramitación do expediente. Pregunta o Sr. Pedreira se é unha multinacional, respostando o Sr. Alcalde que coida que non, que ata non se conceda, no seu caso, a licenza, supoño que non contratarán o abastecemento de carburante.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as dez horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,